



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



**I.E.S. DE VILALONGA**

A Salueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

[ies.vilalonga@edu.xunta.gal](mailto:ies.vilalonga@edu.xunta.gal)

[www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga)

# PROXECTO LINGÜÍSTICO

(Revisado en maio de 2021)

## IES DE VILALONGA

## ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	3
2.	MARCO LEGAL.....	3
3.	CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO .....	3
3.1.	O contorno sociolingüístico do centro .....	3
3.2.	A situación do profesorado .....	4
3.3.	A situación do alumnado.....	4
3.4.	A situación lingüística do centro .....	4
4.	OBXECTIVOS XERAIS.....	5
5.	LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	5
6.	PLAN DE ATENCIÓN ALUMNADO EXENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA .....	6
6.1.	MEDIDAS DE ATENCIÓN .....	7
6.1.1.	AVALIACIÓN .....	7
6.1.2.	MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICAS .....	8
6.1.3.	MATERIAIS E RECURSOS .....	8
6.2.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	9
7.	ACOLLIDA A ALUMNADO ESTRANXEIRO .....	9
8.	DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR. ....	10
	Familia Profesional de administración .....	15
	Familia Profesional de Mantemento de Vehículos.....	16
9.	ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA .....	17

## 1. INTRODUCCIÓN

Ao abeiro do **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**, o IES de Vilalonga presenta o seu Proxecto Lingüístico de centro (PLC) que se incardinará dentro do PEC. Neste documento pedagóxico-administrativo especificaranse, entre outros datos, a distribución lingüística curricular, os obxectivos e as liñas de actuación para mellorar a competencia lingüística do alumnado e para dinamizar o uso da lingua galega.

## 2. MARCO LEGAL

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización lingüística (DOG nº 84, do 14 de xullo de 1983).
- Plan Xeral de Normalización Lingüística.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG nº 97 do 25 de maio de 2010, páx. 9242).
- ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia (DOG nº 97, do 20 de maio de 2011).
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120 Luns do 29 de xuño de 2015 Páx. 25434).

## 3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

### 3.1. O contorno sociolingüístico do centro

O IES de Vilalonga é un centro que está situado no concello de Sanxenxo, nun dos seus núcleos poboacionais máis importantes, a parroquia de Vilalonga. Recolle un alumnado de procedencia semiurbana, cando se trata dos núcleos urbanos de Portonovo e Sanxenxo, e dun ámbito máis rural, no caso do alumnado procedente dos centros de ensino de Nantes e Noalla e, tamén, dos concellos limítrofes, sobre todo Meaño. Non debemos obviar as peculiares características que ten este concello na época estival, na que se multiplica a súa poboación, que pode superar até os 100000 habitantes no verán e as posibles repercusións nos usos lingüísticos, que repercute na posibilidade de practicar os idiomas dos turistas que frecuentan a zona, moitos deles, entre outras nacionalidades, de orixe portuguesa.

No tocante á administración local, o Concello non ten unha planificación de actividades de fomento do galego moi ampla, mais a comunicación é fluída e adoita apoiar algunhas das nosas actividades prestando o seu Auditorio Emilia Pardo Bazán.

### **3.2. A situación do profesorado**

O profesorado na súa actividade académica presenta o uso regulamentario dos idiomas galego e castelán. Non se observa hostilidade cara o galego por parte deste colectivo, de feito moitas das conversas espontáneas que xurden na sale de profesores son en galego.

### **3.3. A situación do alumnado**

O alumnado presenta un comportamento distinto de acordo coa súa procedencia. O uso do galego é máis común no alumnado que provén dos núcleos rurais (Nantes, Noalla) e o uso do castelán é característico naqueles que proceden de Sanxenxo, Portonovo e Vilalonga, aínda que estes últimos en moito menor medida.

Tamén é facilmente observable o feito de que o uso da lingua galega diminúe nunha sensible porcentaxe no paso da ESO ó bacharelato ou ciclos superiores. Aínda que isto tamén pode ser unha deriva do dato anterior, dado que nestes niveis educativos se incorpora alumnado doutros centros educativos, en concreto do IES de Sanxenxo, que empregan máis a lingua castelá fronte a outro alumnado, menor en número, procedente do concello de Meaño que presenta un maior uso do galego.

A pesar de termos unha porcentaxe importante de familias galegofalantes, esta porcentaxe diminúe no caso dos comportamentos lingüísticos do noso alumnado, e aínda se observan moitos eidos onde o galego precisa ser prestixiado. De aí que sexa moi frecuente que o alumnado non perciba a necesidade de expresarse en galego nin sequera na clase de Lingua e literatura galega sobre todo, como xa se comentou, no bacharelato.

### **3.4. A situación lingüística do centro**

No ámbito administrativo o galego está completamente normalizado como lingua oficial, é a lingua da escrita na documentación oficial externa (agás aquela que teña que producir efecto fóra da comunidade autónoma) e a interna no que atinxe á organización do centro. Porén, esta porcentaxe é algo inferior na oralidade.

A ANPA do centro usa indistintamente galego e castelán, tanto nas súas comunicación escritas como orais.

En canto a dotación de fondos da biblioteca escolar, a dotación de libros en galego é aceptable; xa no relativo a películas en DVD ou CD de música, deberíamos tentar seguir ampliando a súa dotación, tendo en conta o desequilibrio tan grande que hai na oferta. Nos xornais e revistas, a presenza do galego ten a súa mellor representación na subscrición que a Biblioteca e o Departamento de Lingua Galega fixeron ao Nós Diario, único xornal diario en galego que podemos ler na Biblioteca e que tamén pode ser un recurso en lingua galega para traballar os diferentes textos publicitarios e xornalísticos nas aulas. Do mesmo xeito, poden atoparse na Biblioteca exemplares do diario *Papagaio*.

#### 4. OBXECTIVOS XERAIS

No noso PLC establecemos como obxectivos xerais:

- Acadar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) ao rematar o seu período de escolarización. Para tentar conseguir este obxectivo o noso centro conta con clases de reforzo dentro do horario lectivo de ambas as dúas materias.
- Conseguiar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas estranxeiras que se imparten no centro (francés e inglés). Neste eido o noso centro posúe unha sección bilingüe en inglés, en 1º e 2º da ESO, na materia de bioloxía e xeoloxía.
- Contribuír, desde o estudo das linguas clásicas, á adquisición da competencia lingüística en galego e castelán, como base do desenvolvemento persoal do alumnado.
- Favorecer a competencia lingüística do profesorado nas linguas de aprendizaxe. Este obxectivo precisa dun maior compromiso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na formación do profesorado que garantise as súas competencias lingüísticas plenamente.
- Fomentar o traballo interdisciplinar e colaborativo para reforzar a idea de que todas as linguas teñen cabida en todos os ámbitos.
- Implantar o TIL nos departamentos de Linguas como documento consensuado para o trato de contidos e de terminoloxía, e como banco de posibles instrumentos de avaliación.

#### 5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Usar a lingua galega como medio de expresión normal do centro en todos contextos. Este obxectivo conséguese internamente a través da documentación administrativa e de xestión do centro e dos seus departamentos, da Biblioteca e, de cara a fóra, coa páxina web, o blog e o instagram da Biblioteca e EDLG, e demais redes sociais de comunicación e información.

- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados á cultura galega: exposicións, festexos, certames, concursos, revistas...
- Facilitar a asistencia de escritores/as, ilustradores, ou calquera figura ilustre dentro do panorama cultural e artístico galego ao centro.
- Fomentar o uso das TIC en galego.
- Potenciar a visión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente, darlle visibilidade e explicar as súas actuacións.
- Incorporar progresivamente á lingua galega ao alumnado de incorporación ex novo que se acolla ao dereito de exención da materia de Lingua Galega.

## **6. PLAN DE ATENCIÓN ALUMNADO EXENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

Segundo o recollido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega, o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria poderá solicitar a dita exención na cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Este alumnado deberá ter en conta o seguinte:

1. Esta é unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega para un ou dous cursos, segundo proceda.
2. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do/a alumno/a.
3. O/a alumno/a terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.
4. O incumprimento por parte do/a alumno/a do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.

5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.

6. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

7. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano. Poderase obter a exención durante un máximo de dous cursos escolares.

A atención a este alumnado fai necesario establecer unhas medidas de atención, instrumentos de progreso e materiais didácticos deseñados para este ámbito, para o que serán necesarios o esforzo persoal do alumno/a, materiais didácticos específicos e o apoio e seguimento por parte do profesorado.

## **6.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN**

### **6.1.1. AVALIACIÓN**

O alumnado chegado ao centro deberá realizar unha avaliación inicial das catro destrezas lingüísticas. Dese xeito poderá coñecerse o nivel que posúe e deseñar ou escoller os materiais e recursos didácticos máis axeitados ás súas características.

Ao longo do curso levarase un control do progreso do alumnado para ir modificando, se fose necesario, aqueles aspectos que necesiten mellora, reforzo ou ampliación.

	Temporalización
Avaliación inicial	
1ª avaliación	

2ª avaliación	
3ª avaliación	
Avaliación final	

### 6.1.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICAS

- Alumnado titor.
- Acción tutorial.
- Actividades de inmersión lingüística.
- Coordinación profesorado con materias impartidas en LG.

### 6.1.3. MATERIAIS E RECURSOS

Serán variados para atender á adquisición da lingua nas catro destrezas: falar, ler, escoitar e escribir.

Audiovisuais:

Lecturas:

Boletíns de tarefas:

Proxectos:



## 6.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

OD.

Rúbricas.

Probas de progreso.

## 7. ACOLLIDA A ALUMNADO ESTRANXEIRO

Neste punto seguiremos a Orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. Neste sentido, a determinación das necesidades de cada alumno/a realizarase, se este se incorporase a principio de curso, a través da avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da incorporación ao sistema educativo, segundo o establecido nos artigos 13 e 17 da Orde do 27 de decembro de 2002. Noutros casos, correspóndelle ao departamento de orientación a realización da avaliación psicopedagóxica correspondente.

Segundo a Orde do 20 de febreiro do 2004 nos centros organizaranse grupos de adquisición das linguas para o alumnado procedente do estranxeiro que non teña coñecemento de ningunha das linguas cooficiais. Estes grupos son, en realidade, agrupamentos flexibles que teñen como finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares. O alumnado poderá formar parte do grupo un tempo máximo dun trimestre, aínda que con permiso da inspección este período podería ampliarse. O alumnado que formará parte grupo de adquisición das linguas poderá ser de distintos cursos, pero sempre da mesma etapa educativa.

O horario semanal de atención a ese grupo, tal e como se indica na Orde, será como máximo de 24 horas, que deberá ir reducíndose, e o resto do tempo estará integrado no seu grupo de referencia cursando as seguintes materias: Educación Física, Música, Educación Plástica e Visual e Tutoría.

O problema destes grupos de adquisición é a necesidade de profesorado que tería o centro. Seguindo a orde, son as delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as que avaliarán os recursos existentes e as necesidades derivadas desa escolarización co propósito de propiciar as dotacións necesarias para levar a cabo as atencións establecidas. En todo caso, para atender esta necesidade procurárase destinar ao profesorado da área lingüística que teña no seu horario algunha hora de garda de biblioteca ou reforzos educativos, e sempre de maneira coordinada co departamento de orientación e o/a titor/a do alumno/a. Como complemento, intentarase dispor da

voluntariedade do alumnado, compañeiro-a da aula do novo alumno/a, para que tome o rol de embaixador e se incremente máis rapidamente a integración do novo alumnado no grupo e no centro.

## 8. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR.

1º ESO				
MATERIA		HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Troncais Xerais	Titoría	1		x
	Bioloxía e xeoloxía	4	xx	
	Xeografía e historia	3	xx	
	Lingua Castelá e Literatura	4		x
	Primeira Lingua Estranxeira	3	-	-
	Matemáticas	5		xx
Configuración Específica	Educación Física	2		x
	Relixión	1	x	
	Valores Éticos	1	x	
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	x	
	Segunda Lingua Estranxeira	2	-	-
Optativa	Lingua Galega e Literatura	4	x	
C. de centro	Afondamento en francés	1	-	-
	Paisaxe e sustentabilidade			x
	Estilos de vida saudable			x
	Oratoria	1		x

2º ESO				
MATERIA		HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Troncais Xerais	Titoría	1	x	
	Física e Química	3		xx
	Xeografía e Historia	3	xx	
	Lingua Castelá e Literatura	3		x
	Primeira Lingua Estranxeira	3	-	-
	Matemáticas	5		xx
Configuración Específica	Educación Física	2	x	
	Relixión	1	x	
	Valores Éticos	1	x	
	Música	2		x
	Segunda Lingua Estranxeira	2	-	-
	Tecnoloxía	3		xx
C .	Lingua Galega e Literatura	3	x	
C. de centro	Afondamento en francés	1	-	-
	Educación financeira		x	
	Igualdade de xénero		x	

3º ESO				
MATERIA		HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Troncais Xerais	Titoría	1		x
	Bioloxía e Xeoloxía	2	xx	
	Física e Química	2		xx
	Xeografía e Historia	3	xx	
	Lingua Castelá e Literatura	3		x
	Primeira Lingua Estranxeira	3	-	-
	Matemáticas Académicas	4		xx
	Matemáticas Aplicadas	4		xx
Configuración Específica	Educación Física	2		x
	Relixión	1	x	
	Valores Éticos	1	x	
	Cultura Clásica	2	x	
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2	x	
	Música	2		x
	Segunda Lingua Estranxeira	2	-	-
	Tecnoloxía	2		xx
C. Aut	Lingua Galega e Literatura	3	x	

4º ESO				
MATERIA		HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Troncais Xerais	Titoría	1		x
	Xeografía e Historia	3	xx	
	Lingua Castelá e Literatura	3		x
	Primeira Lingua Estranxeira	3	-	-
	Matemáticas Académicas	4		xx
	Matemáticas Aplicadas	4		xx
Troncais de opción	Tecnoloxía	4		xx
	CC Aplicadas actividade profesional	3		x
	Iniciación a Actividade Emprendedora	3	x	
	Biología e Xeoloxía	3	xx	
	Economía	3	x	
	Latín	3	x	
	Física e Química	3		xx
Configuración específica	Educación Física	2		x
	Relixión	1	x	
	Valores Éticos	1	x	
	Cultura Clásica	3		x
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3	x	
	Cultura Científica	3	x	
	Música	3		x
	Segunda Lingua Estranxeira	3	-	-
	Filosofía	3	x	
	TIC	3		x
C. Aut	Lingua Galega	3	x	

1º BACHARELATO				
MATERIA		HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Filosofía	3	x	
	Lingua Castelá	3		x
	Primeira Lingua Estranxeira	3	-	-
	Educación física	2		x
Ciencias e Tecnoloxía	Matemáticas I	4	x	
	Bioloxía e Xeoloxía			x
	Debuxo Técnico I		x	
	Física e Química		x	
Humanidades e Ciencias Sociais	Latín I	4	x	x
	Matemáticas Aplicadas ás CCSS I		x	
	Historia do Mundo Contemporáneo		x	
	Literatura Universal			x
	Economía		x	
	Grego I		x	
Configuración específica	Linguaxe e Práctica Musical	3		x
	Cultura Científica	2		x
	Relixión	1	x	
	Segunda Lingua Estranxeira	2	-	-
	Tecnoloxía Industrial I	3		x
	TIC I	2		x
	Debuxo Artístico I	3	x	
C. Centro	Afondamento en inglés	1	-	-
	Afondamento en educación física			x
C.autonómica	Antropoloxía	2	x	
	Robótica	2		x
	Lingua Galega	3	x	

2º BACHARELATO				
MATERIA		HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR	
			GALEGO	CASTELÁN
Materias comúns	Lingua Castelá e Literatura II	3		x
	Primeira Lingua Estranxeira II	3	-	-
	Historia de España	3	x	
Ciencias e Tecnoloxía	Matemáticas II	4	x	
	Bioloxía			x
	Debuxo Técnico II		x	
	Física			x
	Xeoloxía			x
	Química		x	
Humanidades e Ciencias Sociais	Economía da Empresa	4	x	
	Matemáticas Aplicadas ás CCSS II			x
	Xeografía			x
	Latín II		x	
	Grego II		x	
	Historia da Arte			x
	Historia da Filosofía		x	
Configuración específica	Ciencias da Terra e do Medio Amb.	3		x
	Fundamentos de Administración e X.	3	x	
	Relixión	1	x	
	Segunda Lingua Estranxeira	3	x	x
	Tecnoloxía Industrial II	3		x
	TIC II	3		x
	Psicoloxía	3	x	
	Historia da música e da danza	3		x
	Debuxo Artístico II	4	x	
Configuración autonómica	Ética e filosofía do dereito	2	x	
	Filosofía das ciencias e da tecnoloxía	2	x	
	Métodos estatísticos e numéricos	2	x	
	Lingua Galega	3	x	
C. Centro	Afondamento en inglés	1	-	-

### Familia Profesional de administración

CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS			
1º CURSO	MÓDULO	GALEGO	CASTELÁN
	Xestión da documentación	x	
	Recursos humanos	x	
	Ofimática e proceso da inf.	x	
	Proceso integral da act. comercial		x
	Comunicación e atención clientela		x
	Formación e orientación laboral		x
	Inglés	-	-
2º CURSO	Xestión de recursos humanos	x	
	Xestión financeira	x	
	Contabilidade e fiscalidade	x	
	Xestión loxística e comercial		x
	Simulación empresarial		x

CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA			
1º CURSO	MÓDULO	GALEGO	CASTELÁN
	Tratamento informático	x	
	Operacións aux. tesouraría	x	
	Operacións de compra-venda		x
	Técnica contable	x	
	Inglés	-	-
	Formación e orientación laboral		x
	Comunicación empresarial		x
	Empresa e Administración	x	
	Op. adm. de recursos humanos		x
	Tratamento da documentación	x	
	Empresa na aula		x

FP BÁSICA DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS			
1º CURSO	MÓDULO	GALEGO	CASTELÁN
	Titoría	x	
	Tratamento informático de datos		x
	Técnicas administrativas		x
	Arquivamento e comunicación		x
	Ciencias aplicadas I	x	
	Comunicación e sociedade I	-	-
2º CURSO	Titoría		x
	Ap. Básicas de ofimática	x	
	Atención á clientela	x	
	Preparación de pedidos	x	
	Ciencias Aplicadas II		x
	Comunicación e sociedade II	-	-

### Familia Profesional de Mantemento de Vehículos

CICLO MEDIO DE ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES			
1º CURSO	MÓDULO	GALEGO	CASTELÁN
	Mecanizado básico		x
	Motores		x
	Circuitos de fluídos, suspensión e dirección	x	
	Sistemas de transmisión e freada	x	
	Sistemas de carga e arranque	x	
	Formación e orientación laboral		x
2º CURSO	Sistemas auxiliares do motor	x	
	Circuitos eléctricos auxiliares do vehículo	x	
	Sistemas de seguridade confortabilidade		x
	Empresa e iniciativa emprendedora		x



FP BÁSICA DE MANTEMENTO DE VEHÍCULOS			
	MÓDULO	GALEGO	CASTELÁN
1º CURSO	Titoría		x
	Mecanizado e soldadura.	x	
	Amovibles.	x	
	Preparación de superficies.	x	
	Ciencias aplicadas I		x
	Comunicación e sociedade I	-	-
2º CURSO	Titoría		x
	Electricidade do vehículo		x
	Mecánica do vehículo.	x	
	Ciencias aplicadas II	x	
	Comunicación e sociedade II	-	-

## 9. ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Cada novo curso o EDL propondrá unha serie de actividades e proxectos coa finalidade de fomentar o uso do galego. Estas actividades lévanse a cabo grazas á estreita colaboración existente entre o EDL, o equipo da Biblioteca e a Dirección; por suposto, a elas súmase o labor do Club de lectura e dos distintos departamentos que colaboren nas actividades específicas.

Achegamos como anexo o cadro resumo das actividades propostas polo EDL.